

ACTA DE ENTREGA A PROL DO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE DO TREITO ANTIGO DA ESTRADA PO-232 DE TITULARIDADE DA XUNTA DE GALICIA, XUNTO CO SEU DOMINIO PÚBLICO VIARIO (DPV)

COMPARECE

Dunha parte, Yago Borrajo Sánchez, secretario xeral técnico da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, da Xunta de Galicia, por delegación da conselleira en virtude da Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e en outros órganos e entidade públicos adscritos a esta consellería (DOG 20/09/2017) en representación desta consellería.

Doutra parte, Jorge Cubela López, na súa condición de alcalde do Concello de Cerdedo-Cotobade, en representación desta entidade.

EXPOÑEN

O Concello de Cerdedo-Cotobade solicitou á Axencia Galega de Infraestruturas a cesión da titularidade dun tramo antigo da estrada PO-232, situado na súa marxe esquerda, entre o p.q. 9+180 da PO-232 e o p.q. 75+670 da N-541. Este treito ten un marcado carácter local no movemento dos vehículos que o percorren e carece de funcionalidade dentro da Rede autonómica de estradas de Galicia (RAEG) polo que cumpre co estipulado no punto 11 do artigo 18 do Regulamento xeral de estradas de Galicia, relativo aos cambios de titularidade de treitos de estradas a favor de administracións de menor ámbito territorial.

Mediante o Decreto 37/2025, do 26 de maio, (DOG núm.108 do 9 de xuño de 2025), a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou o cambio de titularidade a favor do Concello de Cerdedo-Cotobade do treito antigo da estrada PO-232 xunto co seu dominio público viario.



De acordo co establecido no artigo 2 do Decreto 37/2025, a entrega dos bens formalizarase no prazo dos tres meses seguintes a esta publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

En cumprimento do disposto no decreto de aprobación de cambio de titularidade e de conformidade co artigo 18.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia,

ACORDAN

Formalizar o cambio de titularidade a favor do Concello de Cerdedo-Cotobade do treito antigo da estrada PO-232 xunto co seu dominio público viario, conforme aos seguintes datos:

Denominación	Inicio treito	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29)	Final treito	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29)	Lonx. (m)	Superficie DPV (m ²)
Treito antigo da PO-232	p.q. 9+180 ME PO-232	x = 539.999 y = 4.706.304	p.q. 75+670 ME N-541	x = 539.904 y = 4.706.487	227	2.940


E para que así conste, as partes asinan electronicamente este documento.


A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas P.D (Orde de 7 de setembro de 2017 (DOG 20/09/2017) , o Secretario Xeral, Yago Borrajo Sánchez


O alcalde do Concello de Cerdedo-Cotobade, Jorge Cubela López

ANEXO I . PLANOS









As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.

CVE: 91GVloGXUtr1 **Verificación:** <https://sede.xunta.gal/cve>

